

Programación do departamento de Relixión Católica.

Curso 2018-2019

IES Antón Alonso Ríos

María Rodríguez Velasco

Índice

1- Introducción e contestualización.....	4
2-Relación de profesores que compoñen a área.....	5
3-Materiais e recursos didácticos.....	6
3.1. Recursos xerais do centro.....	6
3.2. Recursos do departamento.....	6
3.3. Libros de texto.....	6
4- Atención a diversidade.....	7
4.1. Alumnos con altas capacidades.....	7
4.2. Alumnos con necesidades educativas significativas.....	7
4.3. Programa de reforzo.....	8
4.4. Programa de reforzo con atribución horaria.....	8
4.5. Aula de convivencia.....	8
5- Programa de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.....	9
6- Procedementos para acreditar coñecementos previos para as materias de 2º Bacharelato que precisen da correspondente materia de 1º (e que non fora cursada).....	9
7- Programación da educación en valores.....	9
8- Contribución da área ao proxecto lector.....	10
9- Contribución da área ao plan TIC.....	11
10- Contribución ao plan de convivencia.....	11
11- Actividades complementarias e extraescolares.....	12
12- Avaliación da programación: mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación e procesos de mellora.....	13
13- Contribución da materia de relixión católica ao logro das competencias clave.....	13
14- Concreción dos obxectivos para cada curso.....	17
15- Contidos.....	20
1º ESO.....	20
2º ESO.....	20
3º ESO.....	21
2º BACHARELATO.....	21
16- Criterios de avaliación.....	21
17- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: a) temporalización, b) grao mínimo de consecución, c) procedementos e instrumentos de avaliación.....	24
17.0. Introducción.....	24
17.1. Concreción para 1º ESO.....	24
17.2. Concreción para 2º ESO.....	27
17.3. Concreción para 3º ESO.....	29

17.4. Concreción para 2º Bacharelato.....	31
18- Metodoloxía.....	33
19- Avaliación.....	34
19.1. Avaliación inicial e proba de coñecementos previos.....	34
19.2. Recuperación da avaliacións insuficientes.....	34
19.3. Criterios de cualificación e de promoción.....	34
19.4. Cualificación final ordinaria.....	35
19.5. Proba extraordinaria.....	35
20-Concreción dos elementos transversais.....	35
21-Avaliación do proceso de ensino e práctica docente.....	37

1-Introducción e contextualización.

O departamento de Relixión Católica elabora esta Programación segundo a seguinte normativa de aplicación:

- * RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo de Relixión Católica da Educación Secundaria Obrigatoria segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza.
- * RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo de Relixión Católica para Bacharelato segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza.
- * Orden ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- * Informe do Servizo Territorial de Inspección educativa de 7 de abril de 2016.
- * DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- * RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinamentos.

O contido do currículo de Relixión Católica parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

A relixión é un feito presente innegablemente na humanidade e na nosa sociedade, por iso a necesidade dun estudo sistemático para comprender a nosa historia e cultura galegas que están conformadas por crenzas, símbolos e valores do cristianismo. O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores nos que a persoa naceu e que se denomina tradición.

Así, o currículo de Relixión Católica contribúe á educación integral do estudante nesa necesidade pois responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, á vez, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, é promovido o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psicolóxico e evolutivo do alumnado.

A liberdade relixiosa de persoas e pobos é recoñecida pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Asemade a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante “dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións” no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

O Acordo Internacional que subscribiu o Estado Español coa Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, outorga (art. 6) a competencia para elaborar o currículo da materia de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica. Esta programación é desenvolvida, consecuentemente, segundo as orientacións da Comisión Episcopal correspondente que dispuxo catro bloques de contidos os cales se espallan aquí en tres avaliacións para cada un dos niveis do centro.

A distribución do alumnado por niveis e grupos:

<u>Niveis</u>	<u>Grupos</u>
1º ESO	2
2º ESO	2
3º ESO	1
2º BAC	1

Este instituto é o único centro de secundaria do concello, polo que acolle practicamente a toda a mocidade tomiñesa, ademais dun certo número de persoas do Rosal e A Guarda que se matriculan, fundamentalmente, nos niveis post-obrigatorios

O contorno en que nos inscribimos é básicamente rural, dándose unha maioría de galegofalantes entre o alumnado.

O centro imparte ensinanzas de ESO, Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, de Humanidades e Ciencias Sociais, Ciclos Formativos de Grao Medio –Aproveitamento e conservación do ambiente natural e Instalacións de telecomunicacións. Impártense tamén o título Agroxardinería e composicións florais de Formación Profesional Básica.

Nestes últimos anos cursan os seus estudos aproximadamente uns 600 alumnos. Na comparativa entre o numero de grupos de primeiro e segundo ciclo de ESO dedúcese o alarmante abandono antes de conseguir o titulo de secundaria. A porcentaxe dos titulados/as no bacharelato está sobre o 20% -25%. Un dato significativo tamén o dá o resultado da avaliación de diagnóstico onde estamos por debaixo da media en todo. Moito do alumnado provén de familias nas que o nivel de estudo e baixo polo que a axuda que lle poden prestar e os medios que están ao seu alcance neste aspecto son limitados.

2-Relación de profesores que compoñen a área.

PROFESOR/A	CARGO	MATERIAS	CURSO
María Rodríguez Velasco	Xefa de departamento	Relixión Católica	1º, 2º e 3º de ESO 2º Bacharelato

3-Materiais e recursos didácticos.

3.1. Recursos xerais do centro.

- Aulas de informática
- Aulas dotadas de ordenador do profesor e canóns
- E-Dixgal para 1º e 2º ESO
- Acceso a Internet en todas as aulas
- Biblioteca
- Aulas multimedia
- Salón de Actos

3.2. Recursos do departamento.

- Aula dotada de ordenador do profesor, canón e acceso a internet.
- Textos curriculares de préstamo e fotocopias para todos os alumnos.
- Diverso material na aula, no departamento e na biblioteca:
 - Biblias
 - Revistas
 - Libros
 - Dicionarios
 - DVDs
 - Recursos en liña
 - Fichas das carpetas de recursos do Departamento.
 - Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.)
 - Diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel como na Rede.
 - Xogos e dinámicas grupais.

3.3. Libros de texto.

Este ano acórdase non poñer libro de texto para ningún curso. Ós alumnos disporán dos que hai no departamento, dos apuntes de clase e de fotocopias.

4-Atención a diversidade.

Nas unidades didácticas inclúense contidos para aqueles alumnos que poden ampliar o desenvolvemento das súas capacidades. Tamén se ten en conta aos alumnos que teñen dificultades para realizar todo o desenvolvemento do proceso. Pensando nestes alumnos ofrécense sínteses moi breves e actividades sinxelas que facilitan o adecuado desenvolvemento.

Seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Ademais, para ser fieis á singularidade de cada alumno/a trataremos de:

- Escoller en cada caso o máis apropiado proponendo variedade de actividades para un mesmo contido. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de ampliación.
- Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- Favorecer equipos na clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos.
- Para alumnos máis motivados faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.
- Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

4.1. Alumnos con altas capacidades.

Segundo o establecido na ORDE do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, un alumno poderá ser adiantado un ano durante a etapa de secundaria.

A sobredotación intelectual dun alumno deberá ser acreditada mediante a avaliación psicopedagóxica correspondente. Nela deberase prever que a medida de flexibilización do período de escolarización é adecuada para o desenvolvemento do equilibrio persoal e da socialización do alumno.

4.2. Alumnos con necesidades educativas significativas.

Cando as dificultades son xerais e permanentes levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas en colaboración co departamento de orientación do I.E.S. De cada unha delas quedará constancia no departamento. Enténdese por éstas as que consisten na eliminación de contidos esenciais ou obxectivos xerais e a consiguiente modificación dos respectivos criterios de avaliación.

Cando o Departamento de Orientación teña diagnosticados os alumnos con necesidades educativas especiais, o profesor respectivo establecerá as Adaptacións Curriculares máis adecuadas ás súas peculiaridades e características.

Existe un modelo para as adaptacións curriculares que o profesor adaptará a cada alumno en concreto. En devandito modelo estableceranse para cada alumno dun xeito xeral:

- Os antecedentes sociais, persoais e académicos do alumno.
- Os recursos persoais e materiais con que se conta.
- Os obxectivos a conseguir.
- Os contidos esixibles.
- A metodoloxía que se vai a empregar.
- As posibles adaptacións das actividades de aula.
- Os criterios de avaliación e criterios de cualificación que se van a aplicar.

4.3. Programa de reforzo.

O alumnado con dificultades tamén ten a posibilidade de incorporarse a un programa de reforzo en aquelas materias que teña dificultades. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado na dita área.

4.4. Programa de reforzo con atribución horaria.

O alumnado de 1º curso que accedese á Educación Secundaria Obrigatoria por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria.

O alumnado de 1º e de 2º cursos da Educación Secundaria Obrigatoria que curse os programas de reforzo de áreas instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de Lingua Estranxeira.

A incorporación a este programa: a organización será de dúas horas semanais, adxudicadas ao mesmo departamento para levar a cabo un mellor seguimento dos alumnos durante o curso.

4.5. Aula de convivencia.

No centro cóntase cun Aula de convivencia para atender aqueles alumnos cunha conduta disruptiva durante as clases.

O funcionamento de esta aula está explicado no protocolo correspondente.

5-Programa de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.

Neste curso 2018 – 2019 só temos unha alumna nesta circunstancia, é unha alumna de 2º de ESO con relixión católica pendente de 1º, que pasou para segundo por imperativo legal.

Vai haber un prazo para entregar un traballo baseado nos contidos mínimos. Con él pode recuperarse a asignatura.

Esta alumna terá que entregalo como fecha límite o 5 de febreiro. Se supera esta proba, recupera a asignatura.

En caso de que non se entregue ou de non superar esta proba, faríase unha recuperación da materia (en maio, nas datas sinaladas polo centro).

6-Procedementos para acreditar coñecementos previos para as materias de 2º Bacharelato que precisen da correspondente materia de 1º (e que non fora cursada).

O alumnado de 2º de Bacharelato en Relixión Católica que non tivera cursado esta materia en 1º Bacharelato deberá presentar durante o primeiro trimestre un traballo onde irán reflectindo: a) A súa capacidade de comprensión dun texto bíblico, b) A presentación dun tema escollido ao chou para verificar a destreza de presentar información, c) A redacción dun ensaio (cuxa lonxitude sexa equivalente á de un folio por unha carilla) para valorar a capacidade de expresión escrita, a habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias bibliográficas e a súa avaliación crítica de ideas.

7-Programación da educación en valores.

O modelo de educación que leva consigo a materia de Relixión aspira á formación integral das persoas unida a unha sólida formación en valores, contribuíndo claramente á formación de cidadáns comprometidos con valores sociais e éticos, capaces de convivir de maneira positiva na realidade multicultural actual. Neste ensino relixioso sublíñanse moi especialmente os valores de paz, respecto, tolerancia, xustiza, amor aos demais, amizade, liberdade e faise medrar ao alumno en:

- Respecto cara ao patrimonio histórico, cultural e artístico asociado á Relixión Católica, así como ás tradicións e costumes.
- Confianza nas propias capacidades para afrontar problemas, valorando o diálogo e as actitudes críticas e tolerantes como vías necesarias para a convivencia.
- Valoración da diversidade social e relixiosa, manifestando actitudes de respecto e de tolerancia cara a tradicións distintas da propia, e de solidariedade cos pobos, grupos sociais ou persoas privados dos seus dereitos.

Ademais, o propio calendario escolar establece unha serie de datas relevantes relacionadas coa educación en valores que compre tratarmos nas clases:

- Educación moral e cívica.** Respecto pola autonomía dos demais e fomento do diálogo para solucionar diferenzas.
 - Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro)
 - Día de Europa (9 de maio)
 - Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia (1 ao 11 de decembro)
 - Semana das Letras Galegas (8 ao 17 de maio)
- Educación para a paz.** Defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e institucións significativas e solución dialogada de conflitos.
 - Día da paz (30 de xaneiro)
- Educación para a saúde e a calidade de vida.** Coñecemento progresivo do corpo, anomalías e enfermidades, e desenvolvemento de hábitos de saúde.
 - Día Mundial da Saúde (7 de abril)
- Educación para a igualdade.** Desenvolvemento da autoestima e da concepción do propio corpo como expresión da personalidade. Análise crítica da realidade e corrección de xuízos sexistas consolidando hábitos non discriminatorios.
 - Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo)
- Educación ambiental.** Reflexión e compromiso sobre os principais problemas ambientais.
 - Día Mundial do Ambiente (5 de xuño)
- Educación sexual.** Adquisición de información suficiente e científica sobre todos os aspectos relativos a sexualidade. Consolidación de actitudes de naturalidade no tratamento de temas sobre sexualidade.
 - Día mundial da saúde (7 de abril)
- Educación para o consumidor.** Adquisición de conciencia crítica ante os efectos do consumo. Coñecemento dos mecanismos do mercado e dos dereitos do consumidor.
 - Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de marzo)
- Educación para o lecer.** Valoración da literatura como medio de expresión dos sentimentos e como fonte de pracer que pode enriquecer o tempo de lecer. Fomento do pracer enriquecedor de ler.
 - Día do Libro (11 e o 30 de abril)
 - Semana da Prensa na que se traballara un día na aula con xornais. (10 ao 14 de marzo).
- Educación viaria.** Desenvolvemento de hábitos de respecto polas normas de circulación, actitudes de prevención e comportamento responsable nas vías públicas.

8-Contribución da área ao proxecto lector.

A materia de Relixión participará no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso 2018-2019.

Como accións máis destacadas teremos en conta:

- Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos de cada un dos temas do libro.

- Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura

sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.

- Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.

9-Contribución da área ao plan TIC.

-As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da relixión católica que convén aproveitar. Neste senso facilitaremos ao alumnado o uso do ordenador e programaremos sesións específicas para dar a coñecer e manexar algúns dos múltiples recursos dixitais.

-Os alumnos/as farán traballos de investigación sobre premios nobel da paz, ongs, etc.

-Visitarán sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, diocese, Conferencia Episcopal), páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.

-Coñecerán a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico, para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.

10-Contribución ao plan de convivencia.

Na contribución ó Plan de convivencia esta materia de Relixión Católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove.

En todo momento seguirá as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías.

Independentemente diso traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade e todos aqueles indicadores xa reflectidos na programación de valores.

As accións:

-Asistencia puntual e diaria ás clases.

-Asistencia ó Centro cos materiais necesarios para as clases.

-Respecto para as persoas que teñen crenzas distintas.

-Diálogo cos que pensan de xeito diverso.

-Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.

-Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.

-Respecto ós compañeiros e a todo o persoal do Centro.

-Non permisión de actitudes racistas nin sexistas.

11-Actividades complementarias e extraescolares.

Marco teórico

Os obxectivos das actividades deste departamento de relixión son:

- Procurar unha relación entre os alumnos que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.
- Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto.
- Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
- Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegando aos alumnos á cultura, arte e símbolos relixiosos do seu entorno.

Marco práctico

► Complementarias

- Xornada o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (actividade interdisciplinar que involucraría a todo o alumnado, ós titores e varios departamentos, incluído o de relixión).
- Xornada de solidariedade no Nadal.
- Celebración do Día dos Dereitos Humanos, Día da Paz (actividade conxunta co departamento de filosofía) e Día da Muller.
- Actividades especiais no Nadal e Pascua como por exemplo: decoración con calendarios de advento, visita as Residencias de ancians,...
- Participación en campañas de diferentes ONGs (Campaña contra a Fame de Manos Unidas, Solidariedade Internacional, Entreculturas, REDES, ...).

► Saídas Didácticas

(En colaboración co IES a Sangriña de A Guarda e o IES San Paio de Tui)

SAÍDA	NIVEL	TEMPORALIZACIÓN
Betanzos - Viveiro - Mondoñedo	2º ESO	1º trimestre: 15 e 16 de novembro
León - Asturias - Cantabria	3º ESO	2º trimestre: do 8 ó 12 de abril
Outras que poidan xurdir ao longo do curso en relación a programación elaborada.		

Confeccionaremos pequenas unidades didácticas cos datos histórico-artístico-literarios básicos dos lugares que imos visitar nas viaxes.

12- Avaliación da programación: mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación e procesos de mellora.

Os procedementos para avaliar a programación de Relixión Católica deste curso 2018-2019 son de dous tipos:

A) Unha avaliación de progreso:

- Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.

- Valorarase tal axuste nas reunións de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

B) Unha avaliación final:

- Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

13- Contribución da materia de relixión católica ao logro das competencias clave.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave coas súas siglas:

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

E a Resolución do 11 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Secundaria Obrigatoria segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza, recolle a relación de estándares de aprendizaxe avaliábeles.

13.1. Comunicación lingüística (CCL):

Este currículo de Relixión Católica vólvese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe:

Estándares de aprendizaxe

1ª) Comunicación lingüística (CCL):

- Expresa oralmente e por escrito sentimentos e emocións na linguaxe da relixión.
- Interpreta e comprende diversos textos relixiosos cada un desde o seu xénero literario ou natureza específica.
- Organiza o coñecemento da realidade relixiosa en esquemas conceptuais.

13.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

Estándares de aprendizaxe

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):

- Clasifica os obxectos, feitos e ideas da relixión en conxuntos coherentes.
- Aplica o razoamento dedutivo ás crenzas relixiosas, condutas e consecuencias e emprega o razoamento indutivo partindo da observación da realidade para formular principios relixiosos.
- Aplica o razoamento lóxico na formulación das preguntas e respostas sobre a relixión.

13.3. Competencia dixital (CD):

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

Estándares de aprendizaxe

3ª) Competencia dixital (CD):

- Utiliza os medios TIC para a comunicación da información e do coñecemento relixioso.
- Intercambia información e ideas relixiosas mediante a Rede.
- Aplica criterios para a selección da información relixiosa e utiliza os instrumentos axeitados para rexistrala.

13.4. Aprender a aprender (CAA):

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

Estándares de aprendizaxe

4ª) Aprender a aprender (CAA)

- Investiga de xeito persoal no ámbito da relixión suscitando e formulando preguntas.
- Transforma a información relixiosa en coñecemento propio.
- Aplica coñecementos relixiosos a diferentes situacións e contextos.
- Atopa e usa canles para canalizar as capacidades persoais tanto na comunidade crente como no feito relixioso na sociedade.

13.5. Competencias sociais e cívicas (CSC):

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

Estándares de aprendizaxe

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)

- Valora e respecta o principio democrático de liberdade relixiosa e de conciencia.
- Aplica os principios da ética relixiosa á resolución de conflitos.
- Mostra un diálogo interrelixioso e ecuménico como medio de encontro entre culturas, integración das persoas, enriquecemento mutuo e construción da paz mundial.
- Aprecia e respecta o principio democrático de laicidade.

13.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

Estándares de aprendizaxe

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

- Planifica e participa en proxectos relacionados coa misión cristiá adaptando proxectos misioneiros a contextos e situacións propias dun Centro educativo.
- Proxecta accións con outros compañeiros co fin de animar unha acción colectiva.
- Comprométese nas institucións e servizos ao seu nivel desde a perspectiva da misión e responsabilidade dos crentes ante a vida pública.

13.7. Conciencia e expresións culturais (CCEC):

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

Estándares de aprendizaxe

- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)
- Coñece e aprecia o rico patrimonio artístico galego de inspiración relixiosa.
 - Comprende as obras artísticas relixiosas e expresa os seus elementos a través da creatividade, imaxinación e iniciativa.
 - Crea expresións artísticas desde a propia percepción do relixioso.

14-Concreción dos obxectivos para cada curso.

Será no apartado seguinte (o número catro) desta programación onde fagamos a correspondencia entre estándares de aprendizaxe, temporalización, grao mínimo e procedementos e instrumentos de avaliación para cada curso da nosa materia. Neste apartado somentes facemos referencia os obxectivos que aparecen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño para cada unha das dúas etapas:

Obxectivos ESO

A ESO contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos Bacharelato

O BACHARELATO contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego. m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuir a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

15-Contidos.

1º ESO

1. A realidade creada e os acontecementos son sinos de Deus.
2. A historia de Israel:elección, alianza, monarquía e profetismo.
3. A divinidad e a humanidade de Xesús.
4. Os evanxeos: testemuño e anuncio.
5. Composición dos evanxeos.
6. A Igrexa, presenza de Xesucristo na historia.
7. O Espírito Santo edifica continuamente a Igrexa.

2º ESO

1. A persoa humana, criatura de Deus libre e intelixente.
2. O fundamento da dignidade da persoa.
3. O ser humano colaborador da creación de Deus.
4. A aceptación da revelación: A fe.
5. Orixen, composición e interpretación dos libros sagrados.
6. Deus revélase en Xesucristo. Deus un e trino.
7. O credo, síntese da acción salvífica de Deus na historia.
8. Expansión da Igrexa, as primeiras comunidades.
9. As notas da igrexa.

3º ESO

1. A natureza humana desexa o infinito.
2. A búsqueda de sentido na experiencia da enfermidade, a morte, a dor, etc.
3. A ruptura do home con Deus polo pecado.
4. O relato bíblico do pecado orixinal.
5. A persoa transformada polo encontro con Xesús.
6. A Igrexa, lugar de encontro con Cristo.
7. Experiencia de plenitude no encontro con Cristo.
8. A experiencia de fe xera unha cultura.

2º BACHARELATO

1. La identidad del ser humano
2. El mundo actual y la cuestión bioética.
3. La persona, la vida, el trabajo, las relaciones internacionales y la economía a la luz de la doctrina eclesial.
4. Aportaciones de los investigadores cristianos a la ciencia y a la técnica en el contexto actual.
5. La acción evangelizadora de la Iglesia y la promoción de los derechos humanos.
6. La expresión de la fe genera belleza a través del arte.

16-Criterios de avaliación

Os criterios sobre a avaliación que imos a expoñer neste apartado son os indicado pola Comisión Episcopal de Enseñanza nas resolucións seguintes:

- * RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo de Relixión Católica da Educación Secundaria Obrigatoria segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza.
- * RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo de Relixión Católica para Bacharelato segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 1º ESO

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Recoñecer e valorar que a realidade é don de Deus.
2. Identificar a orixe divina da realidade.
3. Contrastar a orixe da creación nos diferentes relatos relixiosos achega da creación.
4. Diferenciar a explicación teolóxica e científica da creación.

Bloque 2. A revelación: Deus interveñe na historia

1. Coñecer, contrastar e apreciar os principais acontecementos da historia de Israel.
2. Sinalar e identificar os diferentes modos de comunicación que Deus usou nas distintas etapas da historia de Israel.
3. Distinguir e comparar o procedemento co que Deus se manifesta nas distintas etapas da historia de Israel.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Distinguir en Xesús os trazos da súa natureza divina e humana.
2. Identificar a natureza e finalidade dos evanxeos.
3. Coñecer e comprender o proceso de formación dos evanxeos.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia da Igrexa

1. Comprender a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa.
2. Recoñecer que a acción do Espírito Santo dá vida á Igrexa.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 2º ESO

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais.
2. Relaciona a condición de criatura coa orixe divina.
3. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus.
4. Entender o sentido e a finalidade da acción humana

Bloque 2. A revelación: Deus interveñe na historia

1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia.
2. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus.
3. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia.
4. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa en torno á interpretación bíblica.
5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da Divinidad na revelación de Xesús.
2. Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana.
3. Descubrir o carácter histórico da formulación de Credo cristián.
4. Recoñecer as verdades da fe cristina presentes no Credo.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás.
2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 3º ESO
Bloque 1. O sentido relixioso do home
<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer o desexo de plenitude que ten a persoa. 2. Comparar razonadamente distintas respostas fronte á finitude do ser humano
Bloque 2. A revelación: Deus interveñe na historia
<ol style="list-style-type: none"> 1. Descubrir que o pecado radica no rexeitamento á intervención de Deus na propia vida. 2. Distinguir a verdade revelada do ropaxe literario no relato do Xénese.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación
<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e apreciar que o encontro con Cristo cambia a forma de comprender o mundo, a historia, a realidade, as persoas, etc. 2. Comprender que a pertencencia a Cristo conleva unha nova forma de comportarse na vida
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa
<ol style="list-style-type: none"> 1. Tomar conciencia do vínculo indisoluble entre o encontro con Cristo e a pertencencia á Igrexa. 2. Valorar críticamente a experiencia de plenitude que promete Cristo. 3. Identificar na cultura a riqueza e a beleza que xera a fe.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 2º BACHARELATO
Bloque 1. ANTROPOLOXIA CRISTIANA
<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade. 2. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto de a vida.
Bloque 2. DOCTRINA SOCIAL DA IGREXA
<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa outorga á persoa e á vida. 2. Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.
Bloque 3. RELACION ENTRE A RAZON , A CIENCIA E A FE
<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer o valor social das achegas realizadas por investigadores cristiáns.
Bloque 4. A IGREXA XERADORA DE CULTURA OA LONGO DA HISTORIA
<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos. 2. Comprender que algunhas creacións culturais son a expresión da fe.

17- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: a) Temporalización, b) Grao mínimo, c) Procedementos e instrumentos de avaliación.

17.0. Introducción

Neste apartado imos elaborar, para cada nivel desde 1º ESO ata 1º Bacharelato, unha táboa do seguinte xeito:

Na primeira columna especificamos cada estándar de aprendizaxe (de agora en diante EA) dos xa referidos no perfil competencial.

Na segunda columna especificamos a avaliación ou avaliacións nas que se vai traballar ese EA marcando con unha equis.

Na terceira columna indicamos o grao mínimo de consecución do EA necesario para superar a materia.

Nunha cuarta columna aparecen os procedementos e instrumentos de avaliación que imos empregar para avaliar ese EA. Nos procedementos de avaliación recolleemos todos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os métodos agrúpamolos en catro grandes bloques: técnicas de observación sistemática, análise de producións dos alumnos, intercambios orais e probas específicas. Estes métodos, á súa vez, poden ser: Cadernos de clase escritos ou dixitais, listas de control, rexistros anecdóticos, escalas de observación, investigacións, textos, producións orais, plásticas ou musicais ou doutra natureza, tarefas de aplicación e síntese, exposición dun tema, cuestionarios, etc.

17.1. Concreción para 1º ESO.

PRIMEIRO DE ESO						
ESTÁNDARES	1ª AV.	2ª AV.	3ª AV.	GRAO MÍNIMO	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	E
Expresa por escrito sucesos imprevistos nos que reconece que a realidade é dada.		x	x	Redacta, o máis relevante e significativo utilizando un vocabulario sinxelo , a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus. Expresa por escrito de xeito coherente sucesos imprevistos nos que reconece que a realidade é un don.	Proc: Análise da produción dos alumnos. *Instr: Caderno de clase.	
Evalúa, compartindo con seus compañeiros, sucesos e situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus.	x	x		Redacta, o máis relevante e significativo utilizando un vocabulario sinxelo , a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus. Expresa por escrito de xeito coherente sucesos imprevistos nos que reconece que a realidade é un don.	Proc: Intercambios orais cos alumnos. *Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.	

Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus.	x	x		Redacta, o máis relevante e significativo utilizando un vocabulario sinxelo, a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus. Expresa por escrito de xeito coherente sucesos imprevistos nos que recoñece que a realidade é un don .	Probas específicas *Exposición de un tema.
Relaciona e distingue, explicando coas súas verbas, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e o relato bíblico.	x	x	x	Coñece e explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e no relato bíblico e tamén nas tradicións, na observación de obras de arte propias de cada unha no ámbito escolar.	Cuestionario. *Cuestionarios.
Coñece e sinala as diferencias entre a explicación teolóxica e científica da creación.	x		x	Expresa guiándolle, as semellanzas e diferenzas máis evidentes entre a explicación teolóxica e científica da creación, coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.	Análise da produción dos alumnos. *Investigación en Internet.
Respeita a autonomía existente entre as explicacions, teolóxica e científica da creación.	x	x	x	Expresa guiándolle, as semellanzas e diferenzas máis evidentes entre a explicación teolóxica e científica da creación, coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.	Análise da produción dos alumnos. *Traballo de explicación e síntese.
Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e persoaxes da historia de Israel.	x	x	x	Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles, xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina. Compara, expresando de maneira sinxela, as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa. Elabora de maneira sinxela, de modo oral, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.	Observación sistemática. *Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.
Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade.	x	x		Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles, xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina. Compara, expresando de maneira sinxela, as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa. Elabora de maneira sinxela, de modo oral, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.	Análise da produción dos alumnos. *Producción oral.
Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e verbas de Deus nos que identifica a manifestación divina.	x		x	Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles, xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina. Elabora de maneira sinxela, de modo oral, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.	Observación sistemática. *Rexistro da ausencia ou presenza dun determinado rasgo, conduta ou secuencia de accións.
Recorda e explica constructivamente de modo oral e por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para o pobo de Israel.		x	x	Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles, xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina. Compara, expresando de maneira sinxela, as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa. Elabora de maneira sinxela, de modo oral, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.	Análise da produción dos alumnos. *Valoración dos resumos.

Identifica e clasifica de maneira xustificada as diferencias entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos.	x	x		Relaciona e lee seguindo pautas guiadas e de forma simple as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos investigando diversas fontes no ámbito escolar. Recoñece, con guías, a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús	Análise da produción dos alumnos. *Xogos de simulación e dramáticos.
Esfórzase por comprender as manifestacions de ambas naturezas expresadas nos relatos evanxélicos.			x	Relaciona e lee seguindo pautas guiadas e de forma simple as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos investigando diversas fontes no ámbito escolar. Recoñece, con guías, a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús	Probas específicas. *Proba aberta na que o alumno ten que construír as respostas.
Recoñece, a partir da lectura dos textos evanxélicos, os rasgos da persoa de Xesús e diseña o seu perfil.	x	x	x	Relaciona e lee seguindo pautas guiadas e de forma simple as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos investigando diversas fontes no ámbito escolar. Recoñece, con guías, a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús	Probas específicas. *Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno escolla, sinala ou complete con resposta alterna.
Ordea e explica, coas súas verbas, os pasos do proceso formativo dos evanxeos.	x		x	Recoñece, con guías, a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús Distingue e vulga o que lee dos pasos do proceso formativo dos evanxeos aportando exemplos das súas lecturas no entorno persoal.	Probas específicas. *Exposición dun tema.
Sinala e explica as diversas formas da presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, Palavra de Deus, autoridade e caridade.		x	x	Assume as súas responsabilidades negociando co grupo os prazos e obrigas dos traballos colectivos apoiándose nas distintas formas de presenza de Xesucristo que identifica no grupo. Acepta a diversidade de opinións xerando un ambiente de relación cómoda por mor do que analiza de accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel. Promove a colaboración do grupo co cumprimento das normas sobre os conflitos na aula pois coñece e respecta que nesa pequena comunidade actúa o Espírito para construír a Igrexa.	Probas específicas. *Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno escolla, sinala ou complete con termos pareados.
Coñece e respecta que os sacramentos son accións do Espírito para construír a Igrexa.	x	x		Promove a colaboración do grupo co cumprimento das normas sobre os conflitos na aula pois coñece e respecta que nesa pequena comunidade actúa o Espírito para construír a Igrexa.	Análise da produción dos alumnos. *Monografía.
Asocia a acción do Espírito nos Sacramentos coas diferentes etapas e momentos da vida.		x	x	Acepta a diversidade de opinións xerando un ambiente de relación cómoda por mor do que analiza de accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel. Promove a colaboración do grupo co cumprimento das normas sobre os conflitos na aula pois coñece e respecta que nesa pequena comunidade actúa o Espírito para construír a Igrexa.	Observación sistemática. *Rexistro nunha ficha.

17.2. Concreción para 2º ESO.

SEGUNDO DE ESO					
ESTÁNDARES	1ª AV.	2ª AV.	3ª AV.	GRAO MÍNIMO	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos.		x	x	Coñece e explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas , a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos no ámbito escolar. Expresa, guiándolle, as características das primeiras comunidades cristiáns pero non sabe localizalas nun mapa nin describir a súa orixe.	Proc: Análise da produción dos alumnos. *Instr: Caderno de clase.
Distingue e debate, de forma xustificada e respetuosa, a orixe do ser humano.	x	x		Distingue e debate a orixe do ser humano, de forma respetuosa e xustificada, dándolle pautas para facelo.	Proc: Intercambios orais cos alumnos. *Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.
Valora, en situacións do seu entorno, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.	x	x		Valora , en situación do seu entorno escolar e familiar, a dignidade de todo ser humano, sendo capaz de separalo das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais e sociais.	Probas específicas *Exposición de un tema.
Clasifica accións do ser humano que respecta ou destrúen a creación. Cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	x	x	x	Asume as súas responsabilidades negociando co grupo os prazos e obrigas dos traballos colectivos apoiándose nos cambios para favorecer a convivencia e os dereitos humanos. Acepta a diversidade de opinións xerando un ambiente de relación e traballo cómodo , nos traballos en grupo, o que potencia os dereitos humanos, partindo da figura de Xesús.	Cuestionario. *Cuestionarios.
Diseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan ao menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.	x			Asume as súas responsabilidades negociando co grupo os prazos e obrigas dos traballos colectivos apoiándose nos cambios para favorecer a convivencia e os dereitos humanos. Acepta a diversidade de opinións xerando un ambiente de relación e traballo cómodo , nos traballos en grupo, o que potencia os dereitos humanos, partindo da figura de Xesús.	Análise da produción dos alumnos. *Investigación en Internet.
Busca e escolle persoaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza neles a resposta de fe.	x	x	x	Atopa, con axuda de modo oral, persoaxes significativos do pobo de Israel e pode identificar e analizar as súas respostas de fe.	Análise da produción dos alumnos. *Traballo de explicación e síntese.
Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.	x	x		Coñece e describe por escrito , despois de ler pasaxes da Biblia, as características do Deus cristián . Coñece e xustifica por escrito, con indicacións , a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e humano. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para acadar a súa identidade a semellanza de Deus, so no ámbito escolar .	Análise da produción dos alumnos. *Producción oral.

Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbum en torno á interpretación da Biblia, valorándoos como necesarios.	x		x	Logra, con pequenas orientacións , identificar, clasificar e comparar as características do Deus cristián. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbum, en torno a interpretación da Biblia, e sabe valoralos como necesarios pero dándolle unha guía para facelo.	Observación sistemática. *Rexistro da ausencia ou presenza dun determinado rasgo, conduta ou secuencia de accións.
Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos.	x	x		Logra, con pequenas orientacións , identificar, clasificar e comparar as características do Deus cristián. Distingue autor divino e humano, é capaz de sinalar en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, pode xustificar no grupo esa selección de textos, dándolle unhas pautas , para facer esto último.	Análise da produción dos alumnos. *Valoración dos resumos.
Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e o autor humano.	x	x		Coñece e describe por escrito , despois de ler pasaxes da Biblia, as características do Deus cristián. Coñece e xustifica por escrito, con indicacións , a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e humano.	Análise da produción dos alumnos. *Xogos de simulación e dramáticos.
Coñece e describe as características do Deus cristián.	x		x	Logra, con pequenas orientacións , identificar, clasificar e comparar as características do Deus cristián. Distingue autor divino e humano, é capaz de sinalar en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, pode xustificar no grupo esa selección de textos, dándolle unhas pautas , para facer esto último.	Probas específicas. *Proba aberta na que o alumno ten que construír as respostas.
Le relatos mitolóxicos, localiza rasgos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.	x	x	x	Le de xeito impreciso os relatos mitolóxicos e atopa , por el mesmo, algún rasgo das divindades das relixións politeístas. Logra, con pequenas orientacións , identificar, clasificar e comparar as características do Deus cristián.	Probas específicas. *Proba específica con preguntas moi concretas.
Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para acadar a súa identidade a semellanza de Deus.	x			Coñece e describe por escrito , despois de ler pasaxes da Biblia, as características do Deus cristián. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para acadar a súa identidade a semellanza de Deus, so no ámbito escolar.	Probas específicas. *Exposición dun tema.
Elabora materiais onde se expresan os momentos importantes da Historia da Salvación e relacións coas verdades de fe formuladas no Credo.		x	x	Valora , en situación do seu entorno escolar e familiar, a dignidade de todo ser humano, sendo capaz de separalo das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais e sociais. Clasifica, sin necesidade de guía , as verdades de fe contidas no Credo e sabe explicar o seu significado cun pequeno guión.	Probas específicas. *Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumnos escolla, sinala ou complete con termos pareados.
Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	x	x		Redacta, palabra a palabra, reflexionando , as verdades de fe contidas no Credo e non sabe explicar o seu significado.	Análise da produción dos alumnos. *Valoración dos resumos.

Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiáns e describe as súas características.		x	x	Expresa, guiándolle, as características das primeiras comunidades cristiáns pero non sabe localizalas nun mapa nin describir a súa orixe.	Análise da produción dos alumnos. *Xogos de simulación e dramáticos.
Reconstrúe o itinerario das viaxes de S. Paulo e explica coas súas verbas a difusión do Cristianismo no mundo pagano.	x	x		Reconstrúe con axuda, o itinerario das viaxes de S. Paulo, sabe explicar, guiándolle, a difusión de Cristianismo no mundo pagano. Atopa, con axuda de modo oral, persoaxes significativos do pobo de Israel e pode identificar e analizar as súas respostas de fe.	Probos específicas. *Proba aberta na que o alumno ten que construír as respostas.

17.3 Concreción para 3º ESO.

TERCEIRO DE ESO					
ESTÁNDARES	1 AV.	2ª AV.	3ª AV.	GRAO MÍNIMO	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Expresa e comparte en grupo situacións e circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.		x	x	Coñece e explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas, situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude no ámbito escolar. Expresa guiándolle, as semellanzas e diferenzas máis evidentes entre a forma en como entendían o mundo unhas persoas antes de converterse ao cristianismo e como o entenden logo de converterse. Expresa de maneira sinxela a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa.	Proc: Análise da produción dos alumnos. *Instr: Caderno de clase.
Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos fermosos e dolorosos.	x	x		Desenvolve con autonomía as súas tarefas construíndo nova información para a súa experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. Procesa desde diferentes perspectivas creando e compartindo textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supón o encontro con Cristo.	Proc: Intercambios orais cos alumnos. *Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.
Selecciona escenas de películas ou documentais que mostran a busca de sentido.	x	x		Desenvolve con autonomía as súas tarefas construíndo nova información para a súa experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. Procesa desde diferentes perspectivas creando e compartindo textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supón o encontro con Cristo.	Probos específicas *Exposición de un tema.
Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como forma de rexeitar ou suplantar a Deus.	x	x	x	Describe por escrito de forma básica, pero clara, diversas situacións actuais do ámbito escolar onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus.	Cuestionario. *Cuestionarios.

Analiza o texto sagrado, diferenciando a verdade revelada do envoltorio literario e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal coa linguaxe actual.	x		x	Relaciona e lee, seguindo pautas guiadas e de forma simple , un texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria. Identifica diferentes sentidos no texto. Recoñece, con guías, a partir da lectura un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual.	Análise da produción dos alumnos. *Investigación en Internet.
Busca e selecciona a biografía de persoas conversas.	x	x	x	Expresa guiándolle, as semellanzas e diferenzas máis evidentes entre a forma en como entendían o mundo unhas persoas antes de converterse ao cristianismo e como o entenden logo de converterse. Expresa de maneira sinxela a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa.	Análise da produción dos alumnos. *Traballo de explicación e síntese.
Expresa xuízos respetuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo aportou á forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas.	x	x	x	Expresa guiándolle, as semellanzas e diferenzas máis evidentes entre a forma en como entendían o mundo unhas persoas antes de converterse ao cristianismo e como o entenden logo de converterse. Expresa de maneira sinxela a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa.	Observación sistemática. * Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.
Crea e comparte textos, vídeo clips, cortos, para describir as consecuencias que supuxo o encontro con Cristo na vida dos cristiáns.	x	x		Procesa desde diferentes perspectivas creando e compartindo textos, vídeos clip,curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supón o encontro con Cristo .	Análise da produción dos alumnos. *Producción oral.
Busca, selecciona e presenta xustificando a experiencia dunha persoa que se encontrou con Cristo na súa Igrexa.	x		x	Redacta o máis relevante e significativo utilizando un vocabulario sinxelo ao crear textos no seu cuaderno para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo.	Observación sistemática. *Rexistro da ausencia ou presenza dun determinado rasgo, conduta ou secuencia de accións.
Escoita testemuñas de cristiáns e debate con respecto en relación á plenitude de vida que neles se reflicte.		x	x	Coñece e explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas , situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude no ámbito escolar. Expresa de maneira sinxela a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa.	Análise da produción dos alumnos. *Valoración dos resumos.
Demostra con exemplos, previamente seleccionados, que a experiencia cristiana foi xeradora de cultura ao longo da historia.	x	x		Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles , que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. Logo de escoitar un fragmento de película mostra que o comprendeu defendendo de forma razoada a influencia da fe na arte.	Análise da produción dos alumnos. *Xogos de simulación e dramáticos.
Defende de forma razoada a influencia da fe no arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación, etc.			x	Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles , que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. Logo de escoitar un fragmento de película mostra que o comprendeu defendendo de forma razoada a influencia da fe na arte. Tras escoitar testemuños de cristiáns demostra a súa comprensión debatindo con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa.	Probas específicas. *Proba aberta na que o alumno ten que construír as respostas.

17.4. Concreción para 2º Bacharelato.

SEGUNDO DE BACHARELATO					
ESTÁNDARES	1ª AV.	2ª AV.	3ª AV.	GRAO MÍNIMO	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación “home e muller os creou”.		x	x	Comenta oralmente con respecto os escritos alleos no intercambio de opinións sobre a afirmación “home e muller os creou”. Posúe argumentos para defender ou dar razóns, dende a posición cristián, ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase.	Proc: Análise da produción dos alumnos. *Instr: Caderno de clase.
Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida.	x	x		Articula con marcadores textuais variados, cun léxico preciso e usa con propiedade locucións e frases feitas ao escribir sobre os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida. Describe por escrito de forma básica, pero clara un proxecto ou solución que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano.	Proc: Intercambios orais cos alumnos. *Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.
Posúe argumentos para defender ou dar razóns, dende a posición cristián, ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase.	x	x	x	Valora as achegas das persoas na cooperación atendendo ás súas necesidades para traballar en grupo na identificación de razóns, dende a posición cristián, ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase. Aplicando situacións de cooperación e estratexias de cohesión interna elabora en grupo un material audiovisual no que se propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano.	Cuestionario. *Cuestionarios.
Descubre e valora o sentido humanizador que ten o traballo.	x	x	x	A través de diversas fontes orais e audiovisuais, comparándoas entre sí con exemplos sinxelos , identifica aspectos da realidade nos que descubre o sentido humanizador que ten o traballo. Logo de ver un fragmento de película ou un vídeo, comprendendo os trazos da vida monástica destacando o seu significado identifica a súa influencia na organización social e na vida laboral.	Observación sistemática. *Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.
Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano.	x	x		Valora as achegas das persoas na cooperación atendendo ás súas necesidades para traballar en grupo na identificación de razóns, dende a posición cristián, ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase. Aplicando situacións de cooperación e estratexias de cohesión interna elabora en grupo un material audiovisual no que se propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano.	Análise da produción dos alumnos. *Producción oral.

Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián, resaltando as súas aportacións ao ámbito da ciencia e da técnica.	x	x		Persiste nunha tarefa que require reflexión, manexa a impulsividade na toma de decisións, expoñendo novas cuestións de maneira creativa na súa propia aprendizaxe e propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano. Actúa de maneira flexible e independente e asume riscos responsables ao seleccionar a biografía dun investigador cristián, resaltando as súas aportacións ao ámbito da ciencia e da técnica.	Análise da produción dos alumnos. *Xogos de simulación e dramáticos.
Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana.	x		x	Persiste nunha tarefa que require reflexión, manexa a impulsividade na toma de decisións, expoñendo novas cuestións de maneira creativa na súa propia aprendizaxe e propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano. Actúa de maneira flexible e independente e asume riscos responsables ao seleccionar a biografía dun investigador cristián, resaltando as súas aportacións ao ámbito da ciencia e da técnica.	Probas específicas *Exposición dun tema.
Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendiu con radicalidade ao ser humano e xustifica a elección realizada.		x	x	Selecciona e estuda a biografía dun investigador cristián, resaltando as súas aportacións ao ámbito da ciencia e da técnica. Cualifica con vocabulario coherente , demostrando que entendeu textos, as situacións históricas nas que a Igrexa defendiu con radicalidade ao ser humano contrastándoas con outras situacións.	Probas específicas. * Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno escolla, sinala ou complete con termos pareados
Selecciona obras de arte, investiga sobor do autor e descubre o seu sentido relixioso. Elabora un material creativo que permite coñecer a eses artistas.	x	x		Valora as achegas das persoas na cooperación atendendo ás súas necesidades para traballar en grupo na identificación de razóns, dende a posición cristián, ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase. Aplicando situacións de cooperación e estratexias de cohesión interna elabora en grupo un material audiovisual no que se propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano.	Análise da produción dos alumnos. *Monografía.

18- Metodoloxía

Está contemplada no artigo 11 do Decreto onde di A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A metodoloxía cooperativa é unha metodoloxía que permite ao alumnado sentirse activo, formar parte dun equipo, e ter unha escola inclusiva e non selectiva.

A metodoloxía empregada parte do estándar de aprendizaxe (EA) o que vai permitir traballar por competencias, facer actividades de aprendizaxe integradas que traballen EA de diferentes bloques e avanzar no currículo.

Concretamente na materia de Relixión Católica as tarefas do profesor serán:

- Informar e expoñer con antelación a un exercicio comunicando o material necesario para a súa elaboración.
- Presentar o tema ou o asunto sobre o que vai desenvolverse a sesión do día.
- Ilustrar mostrando suficiente material visual para complementar o discurso teórico.
- Explicar: definirase claramente a natureza dos exercicios, qué facemos, para qué o facemos, a qué cuestións temos que dar resposta, qué procedementos empregaremos, cales son os materiais máis axeitados para cada proposta e cómo traballaremos (individualmente, en grupo pequeno, en gran grupo...). Cando sexa necesario serán os propios alumnos os que corrixan públicamente os exercicios.
- Orientar: daranse pautas individualizadas para que cada alumno/a obteña o mellor resultado posible .
- Avaliar/ autoavaliarse: Tralos resultados, faremos unha análise da metodoloxía empregada, unha autocrítica e unha crítica por parte do alumnado.
- Corrixir o caderno persoal do alumno.

Serán tarefas do alumnado:

- escoitar e mirar con atención as explicacións.
- Non perturbar o normal desenvolvemento da clase.
- Participar e colaborar en crear un clima propicio para o aprendizaxe.
- Preguntar ordenadamente para solucionar dúbidas.
- Atender e respectar as dúbidas e opinións dos compañeiros/as.
- Buscar e aportar ideas e solucións ás preguntas formuladas polo profesor/a.
- Elaborar a proposta de traballo seguindo as instrucións e orientacións do profesor/a.
- Non plaxiar traballos realizados por terceiros.
- Autoavaliarse e solicitar aclaracións no caso de non comprender algunha corrección.

19-Avaliación

19.1. Avaliación inicial e proba de coñecementos previos

Nesta materia de Relixión Católica non é precisa, en xeral, ningunha avaliación ao inicio de curso posto que o alumnado que elixe voluntariamente a materia acada ao rematar o curso escolar os estándares de aprendizaxe no seu grao mínimo e posúe as competencias precisas para o curso que se inicia.

Aínda así pode ser necesario, nalgún caso de alumnado que procede doutros centros ou da Primaria, diagnosticar a situación de partida para detectar os casos nos que haxa que aplicar medidas de atención á diversidade.

Nese caso realizarase unha proba específica a principio de curso, preferentemente na primeira semana de outubro, que consistirá en probas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. A proba terá un carácter informativo e non terá validez para a avaliación e cualificación de final de curso.

19.2. Recuperación da avaliacións insuficientes.

Cada avaliación poderá recuperarse no trimestre seguinte (avaliación continua).

Se algún alumno/a suspende as dúas primeiras avaliacións terá que realizar un traballo de recuperación na terceira avaliación baseado nos mínimos esixibles.

Se algún alumno/a non supera a avaliación ordinaria terá que realizar un exame final na convocatoria extraordinaria de setembro.

19.3. Criterios de cualificación e de promoción.

ESO:

Todos os alumnos/as serán avaliados polo seu traballo na aula. Traer o material, facer os traballos na aula así como os que teñan que facer na casa, xunto coa súa actitude hacia a materia e os seus compañeiros/as suporá o 40% da nota. Os exames suporán un 40% e o caderno outro 20%.

É necesario realizar e entregar tódalas actividades (libreta, traballos, exames, exercicios,...), do contrario non farían media as porcentaxes e suspenderíase a avaliación.

Cada avaliación poderá recuperarse no trimestre seguinte (avaliación continua).

A superación da última avaliación supón o aprobado do curso.

BAC:

A **nota de cualificación** farase cos números do 1 ao 10 e calcularase segundo os parámetros seguintes:

40% Caderno de clase ou hábito de organización.

50% Probas escritas e participación en tarefas de grupo.

10% Comportamento, rendemento diario, participación e asistencia

É necesario realizar e entregar tódalas actividades (libreta, traballos, exames, exercicios,...), do contrario non farían media as porcentaxes e suspenderíase a avaliación.

Cada avaliación poderá recuperarse no trimestre seguinte (avaliación continúa).

A superación da última avaliación supón o aprobado do curso.

-As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos estándares de aprendizaxe previamente ponderados.

19.4. Cualificación final ordinaria.

A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.

En canto á promoción do alumnado este departamento seguirá en todo momento a normativa e os criterios acordados no centro.

19.5. Proba extraordinaria.

Proba que recolle os mínimos esixibles. Pode conter exercicios tipo text, de resposta curta ou de redacción.

A superación desta proba supón o aprobado do curso.

20-Concreción dos elementos transversais.

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciabes no ensino da Relixión Católica pero, loxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

1 e 2. Comprensión Lectora e Expresión oral e escrita

-As habituais prácticas do Plan Lector do Centro.

-Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.

-Escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

3. Comunicación Audiovisual

- Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.
- Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

4. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información

- Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.
- Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.
- Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

5. Emprendemento

- Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.
- Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.
- Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

6. Educación cívica:

- Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.
- Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.
- Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.
- Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.
- Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

7. Prevención de violencia.

- Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.
- Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.
- Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.
- Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

21-Avaliación do proceso de ensino e práctica docente.

Para revisar o desenvolvemento da programación fixándonos nos aspectos metodolóxicos, na idoneidade dos materiais e recursos e, loxicamente, en todo proceso de aprendizaxe, faremos un rexistro tal que a interpretación dos resultados e as modificacións necesarias (se as houbera), quedarán reflectidas nas actas da reunión de Departamento e na memoria final de curso nunha táboa como a seguinte:

Lenda: 1 – pouco/nunca 2 – poucas veces 3 – case sempre 4 – moito/sempre

Proxectando	1	2	3	4
1. A programación é clara				
2. Cumplíuse o programado para o trimestre				
3. É necesario alguna modificación na programación				
Desenvolvemento				
1. Introduzo cada novo exercicio e presento o plan de traballo explicando a súa finalidade				
2. Informo ao alumnado de cómo avalío cada exercicio				
3. Pido o material necesario para cada proposta con antelación suficiente				
Avaliación				
1. Os resultados axústanse á dinámica da clase				
2. O alumnado entende cómo avalío				